

PROXECTO DE DECRETO XX/20XX, do X de XXX, polo que se modifica o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O artigo 45 da Constitución configura o medio ambiente como un ben xurídico de cuxo goce son titulares todos os cidadáns e cuxa conservación é unha obrigaón que comparten os poderes públicos e a sociedade no seu conxunto. Todos teñen o dereito para esixir aos poderes públicos que adopten as medidas necesarias para garantir a adecuada protección do medio ambiente, para gozar do dereito para vivir nun medio ambiente san. Correlativamente, impón a todos a obrigaón de preservar e respectar ese mesmo medio ambiente.

Para que os cidadáns, individual ou colectivamente, poidan participar nesa tarefa de protección de forma real e efectiva, resulta necesario dispoñer dos medios instrumentais adecuados, cobrando hoxe especial significación a participación dos particulares no proceso de toma de decisións públicas, pois a participación, que con carácter xeral consagra o artigo 9.2 da Constitución, e para o ámbito administrativo o artigo 105, garante o funcionamento democrático das sociedades e introduce maior transparencia na xestión dos asuntos públicos. A definición xurídica desta participación e a súa instrumentación a través de ferramentas legais que a fagan realmente efectiva constitúen na actualidade un dos terreos nos que con maior intensidade progresou o Dereito ambiental.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.30 atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva sobre normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23.

De conformidade co Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, correspóndenlle a esta as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados na Constitución española e no propio Estatuto.

O artigo 28 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, crea, como órgano consultivo da Administración ambiental, o Consello Galego de Medio Ambiente, co fin de cumprir o principio de participación pública e de establecer unha vía de participación dos estamentos interesados da sociedade galega e da súa comunidade científica. Este órgano desenvolveuse mediante o Decreto 155/1995, do 3 de xuño, e foi posteriormente adaptándose ás variacións da estrutura administrativa da Xunta de Galicia, ata o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, que regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que foi modificado polos decretos 137/2006, do 27 de xullo, 387/2009, do 24 de setembro, 77/2012, do 9 de febreiro e 54/2013, do 21 de marzo.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, de conformidade co Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, exerce as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental. A labor que desempeña esta Dirección Xeral coa tramitación dos expedientes

derivados da aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e o impulso da integración do referente ambiental nas distintas políticas sectoriais, xustifica que a vicepresidencia do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a desenvolva a directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día xxxx de xxxxx de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible*

O Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, queda modificado como segue:

Un. O número 2º do artigo 3 queda redactado como segue:

“2.º. Vicepresidencia. Corresponde á persoa titular da dirección xeral da Xunta de Galicia competente en materia de calidade ambiental, sostibilidade e cambio climático que desempeñará as funcións atribuídas á presidencia nos casos de ausencia, vacante, enfermidade, así coma nos casos nos que se teña declarado a súa abstención ou recusación.”

Disposicións derradeiras. *Habilitación normativa e entrada en vigor*

Primeira. Facúltaselle á persoa titular da Consellería competente en materia de medio ambiente para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Segunda. Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais seguintes á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xxx de xxx de dous mil xxxxxx

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda